GUÍA PARA A SOLICITUDE DUN MESTRADO PROPIO

As propostas deben cumprir o regulamento dos programas de formación permanente da Universidade de Vigo

As consultas de carácter xeral e académico deben dirixirse ao Centro de Posgrao e Formación Permanente: cpfp@uvigo.es

As consultas de carácter técnico e administrativo deben dirixirse ao Servizo de Posgrao: negociadotitulospropios@uvigo.es

Para remitir as propostas é necesario cubrir os seguintes documentos:

Proposta_mestrado_propio.doc que é o documento principal que recolle os datos do título.

Prevision_economica_mestrado_propio.xlsx que recolle a previsión de ingresos e gastos do título.

Planificación_docente_mestrado_propio.xlsx no que se definen a carga docente das materias e a asignación de docencia.

Guía_propostas_mestrado_propio.docx que é o modelo para a elaboración das guías docentes das materias que compoñen o título.

A. Instrucións “Proposta_mestrado_propio.docx”

Promotores: os promotores dos títulos propios poden membros do PDI da UVigo con dedicación a tempo completo ou departamentos, facultades, escolas, institutos ou outros órganos da Universidade de Vigo.

Centro organizador: todas as propostas deben contar coa aprobación dun centro organizador co obxectivo de garantir o uso dos recursos materiais e/ou de espazos. Así mesmo, a EAFP poderá ser centro organizador de calquera titulación propia.

1. DATOS XERAIS

1.1. DATOS BÁSICOS

- O número de créditos que ten que superar o estudante será 60, 90 ou 120 ECTS. Cada ECTS correspóndese a 25 horas de traballo do estudantado dedicadas a actividades de ensino-aprendizaxe, incluíndo nelas a asistencia a clases lectivas teóricas ou prácticas, seminarios, titorías, exposicións, exames e probas de avaliación presenciais, así como as horas de estudo, as dedicadas á preparación de traballos, prácticas ou proxectos, as esixidas para a preparación de exames e probas de avaliación non presenciais.
- Data de inicio e data de remate: se recomenda seguir os calendarios das titulacións oficiais de mestrado da UVigo. Se poderán propoñer datas complementarias para a entrega do TFM, que non poderán superar os seis meses desde a finalización do programa formativo. O plan de estudos poderá incluír prácticas externas obrigatorias ata acadar como máximo o 50 % dos ECTS totais do título. As prácticas externas regularanse pola normativa vixente de prácticas da externas da Universidade de Vigo.
- Ámbito de coñecemento: consultar Anexo 1 deste documento.
- Número de prazas ofertadas:
    - Nº mínimo: indicar o número mínimo de estudantes necesarios para a celebración do curso. Será a base para estimar o seu orzamento (previsión económica) co fin de asegurar a viabilidade da proposta.
    - Nº máximo: cota máxima de estudantes que poderán matricularse no curso.
- Coordinador/a académico: o/a coordinador/a deberá ser un doutor/a da UVigo con dedicación a tempo completo.
- Web do título: os títulos publicaranse na web da Escola Aberta de Formación Permanente (http://cpfp.uvigo.gal/gl/campus-aberto/titulos-propios/). Poden engadirse outras páxinas se o título dispón dunha web propia.
- Modalidade:
    - Síncrona presencial: baséase nunha interacción simultánea entre o estudantado e o profesorado e require a asistencia física de ambas as partes nun determinado lugar.
    - Síncrona virtual baséase nunha interacción simultánea entre o estudantado e o profesorado mediante unha plataforma tecnolóxica
    - Asíncrona: non require a presenza física e simultánea entre o estudantado e o profesorado que interactúan de forma flexible desde diferentes lugares e en distintos momentos temporais
    - Modalidade mixta: combina as dúas metodoloxías anteriores, pero a carga lectiva síncrona non será inferior ao 20 % da carga docente total do título

Especialidades e optatividade: Debe terse en conta que a previsión no plan de estudos de materias optativas e especialidades incrementa as necesidades docentes e orzamentarias do título, polo que só resulta aconsellable no caso de títulos cunha demanda suficiente que previsiblemente permita soster o gasto que iso puidese xerar.

1.2. TITULOS DO PROGRAMA MODULAR

Os títulos poden organizarse en programas modulares, nos que o estudantado pode obter a titulación de mestrado propio mediante a obtención previa de varios títulos de posgrao (especialista, experto ou curso avanzado de posgrao), sempre que reúnan os requisitos de acceso e de admisión establecidos para a titulación de mestrado.

Os programas modulares ofrecen maior flexibilidade para o estudantado, xa que non ten que matricularse de todos os módulos nun mesmo curso académico. Con todo, os títulos propios modulares teñen unha maior complexidade na súa xestión. De ser unha proposta modular, neste apartado deberanse reflectir todos os módulos que conforman o programa modular.

1.3. COLABORACIÓNS EXTERNAS

As colaboración externas con outras Universidades ou entidades externas debe acompañarse da firma dun convenio de colaboración educativa.

Hai que ter en conta que os convenios ten que ter informes favorables da asesoría xurídica e, no caso de obrigas económicas para a Universidade de Vigo, do servizo de control interno. Os convenios deben tramitarse con antelación á presentación da proposta de mestrado. As propostas dos convenios deben dirixirse á Escola Aberta de Formación Permanente para a súa tramitación.

Máis información dos convenios en: https://www.uvigo.gal/universidade/contratar-colaborar-coa-universidade/colaborar-coa-universidade

É preciso indicar os datos de contacto da persoa que actuará como representante de cada entidade ou universidade externa.

Os costes indirectos da Universidade de Vigo (15%) deben garantirse aínda no caso de que o título estea completamente financiado ou subvencionado por entidades externas.

2. XUSTIFICACIÓN DO TÍTULO

Os mestrados de formación permanente están principalmente orientados á especialización profesional e non proporcionan acceso a programas de doutoramento nin habilitan para o exercicio de profesións reguladas. Por tanto, en ningún caso poderá facerse referencia á capacitación para profesións reguladas ou para o doutoramento, nin na xustificación do título nin nos seus obxectivos ou competencias.

2.1. BREVE DESCRICIÓN DO TÍTULO

Descrición xeral breve do curso (utilizarase como referencia para a publicidade do título).

2.2. OBXECTIVOS DO TÍTULO

Os mestrados de formación permanente deberán proporcionar unha formación avanzada cun nivel alto de especialización conforme o nivel 3 do MECES ou o 7 do Marco Europeo de Cualificacións para a Aprendizaxe Permanente (EQF).

Resultados de aprendizaxe do nivel EQF-7:

- Coñecementos altamente especializados, algúns deles á vangarda nun campo de traballo ou estudo concreto, que senten as bases dun pensamento ou investigación orixinais.
- Conciencia crítica de cuestións de coñecemento nun campo concreto e no punto de articulación entre diversos campos.

2.3. XUSTIFICACIÓN SOCIAL

Indicar referentes externos, por exemplo doutras universidades nacionais ou estranxeiras, xunto coas ligazóns para consultalos.

Indicar si se han consultado colectivos como o estudantado, colexios ou asociacións profesionais ou empresas para o deseño da proposta.

2.4. PERFIL DE EGRESO:

Indicar as características académicas e profesionais que adquirirá o estudantado ao termo deste título propio. Poderán indicarse tamén neste apartado as saídas profesionais do título proposto.

2.5. COMPETENCIAS:

Débese incluír unha descrición das competencias que deben adquirir o estudantado e que son esixibles para outorgar o título de mestrado propio. As competencias que definen a un título e que se deben achegar neste apartado son aquelas que todo o estudantado que o curse debe alcanzar.

Recoméndase expresar as competencias en termos de resultados de aprendizaxe que a súa vez resulten facilmente avaliables. Recoméndase ademais utilizar o tipo de codificación das competencias dos títulos oficiais con siglas e un número correlativo: as Competencias Básicas como CB, as Xerais como CG, as Específicas como CE e as transversais como CT.

2.6. XUSTIFICACIÓN DA PROPUESTA NA UVIGO

Indicar o espazo formativo, non ocupado por outros títulos oficiais ou propios da UVigo, que cubre este mestrado. Destacar os aspectos diferenciados deste título no referente ao perfil dos/das egresados/as (para que se lles forma), as competencias, os contidos e a súa profundidade e tratamento, etc.

3. DESTINATARIOS:

3.1. PERFIL DE INGRESO

Nos requirimentos de acceso ao título de mestrado debe figurar que os/as solicitantes deben cumprir algúns dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión dun título universitario dentro do EEES que outorgue o acceso a ensinos oficiais de posgrao.
- Estar en posesión dun título estranxeiro, alleo ao EEES, homologado a un título universitario oficial do EEES.
- Estar en posesión dun título estranxeiro, alleo ao EEES, non homologado, pero que acredite un nivel equivalente a un título universitario de grao dentro do EEES e que faculte, no país de expedición do título, para o acceso aos ensinos de posgrao. Para iso, cómpre un informe favorable do servizo da Universidade de Vigo responsable da formación permanente e a autorización da dirección académica, todo iso en función do programa de estudos do título estranxeiro e da documentación académica achegada pola persoa solicitante. O devandito informe e a autorización non terán, en todo caso, efecto sobre posibles homologacións das titulacións presentadas polas persoas candidatas.

No caso de que o programa sexa modular, nos requisitos de acceso aos cursos avanzados de posgrao debe figurar os/as solicitantes deben cumprir algúns dos seguintes requisitos:

- Cumprir os requisitos de acceso ao título de mestrado propio.

- Ter superados un mínimo de 120 ECTS nunha titulación universitaria oficial dentro do EEES.
- Ser profesionais de recoñecida e de acreditada experiencia laboral, sempre que a citada experiencia estea relacionada coas competencias inherentes ao título e cumpran os requisitos de acceso á universidade segundo a normativa vixente.

Ademais, en calquera dos caso, poderán engadirse requisitos adicionais acordes á natureza e contidos dos títulos.

3.2. PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA

Indicar toda a documentación que han de presentar os/as estudantes como por exemplo: copia legalizada do título que lles faculta para o acceso; certificado de estudos onde figuren as materias cursadas así como a nota media do expediente; currículo, certificado de vida laboral, etc.

Deben especificarse claramente os criterios de selección de estudantes cando o número de solicitantes é maior que as prazas ofertadas.

Exemplos de criterios de valoración	Ponderación (%)
Tipo de titulación de acceso	
Nota media do expediente académico	
Formación específica no ámbitos	
Experiencia profesional relacionada	
Entrevista persoal	
Proba específica	

3.3. PREZOS PÚBLICOS:

É preciso ter en conta os importes máximos aprobados polo Consello Social para os títulos propios (***PREZOS MÁXIMOS POR CRÉDITO ESTABLECIDOS POLO CONSELLO SOCIAL)***

Cando os prezos sexan menores é preciso garantir as reducións para a Comunidade Universitaria (15%), as persoas desempregadas (15%) e para a Comunidade Alumni (10%).

Pódense propoñer outras tarifas reducidas pero terán que ser aprobadas polo Consello Social previa a conformidade da Comisión de Estudos Propios.

As axudas ao estudo non son obrigatorias e as direccións académicas poden decidir o número de axudas e a contía das mesmas. A xestión das axudas corresponderá ao Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e prezos Públicos.

4. COORDINACIÓN

4.1. COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER (CAM)

O/A coordinador/a do mestrado terá que ser un doutor/a con vinculación permanente á Universidade de Vigo. Formarán parte de la Comisión Académica del título unha persoa que actúe como secretario/a e, polo menos, tres profesores ou profesoras con docencia no título.

As responsabilidades da Comisión figuran no artigo 20 do **regulamento dos programas de formación permanente da Universidade de Vigo**

5. PROGRAMA ACADÉMICO

5.1. MATERIAS DO PRIMER CUADRIMESTRE/SEMESTRE:

O programa académico detallado debe cubrirse no ficheiro: “Planificación_docente_mestrado_propio.xlsx”

Neste apartado solo é preciso indicar o nome de cada materia e, de ser o caso, o módulo ao que pertenza. Ademais, e necesario reflectir se a materia é obrigatoria e o seu número de ECTS. Non hai un requisito mínimo ou máximo de ECTS por materia pero debería ter un equilibrio acorde coa duración total do mestrado e tendo como referencia as titulacións oficias semellantes.

Engadir apartados 5.3 e 5.4 para terceiro e cuarto cuadrimestre/semestre no caso de mestrados de 90 ou 120 ECTS.

5.2. PRÁCTICAS EN EMPRESAS:

As prácticas en empresa seguirán o regulamento Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da UVigo polo que será necesario un convenio de colaboración educativa coas empresas que participen na formación.

5.3. SISTEMAS DE APOIO E ORIENTACIÓN DOS ESTUDANTES

Neste apartado indicaranse os procedemento para o apoio e a orientación do estudantado, especialmente cando se trate de un título non presencial.

5.4. CALENDARIO E HORARIO

Especificar as datas de inicio e fin de cada un dos cuadrimestres/semestres. No caso das actividades síncronas, é preciso indicar da forma máis detallada posible a organización temporal xa que o estudantado debe coñecer, antes da matrícula, os días da semana e franxas horarias nas que de desenvolverán.

Co obxectivo de facilitar a participación nos ensinos de formación continua, procurarase que os horarios dos títulos propios sexan compatibles con outras actividades académicas ou laborais que poidan estar realizando tanto o estudantado como o profesorado.

5.5. CALENDARIO DE AVALIACIÓN

Definir da forma máis precisa posible as datas das probas de avaliación indicando se son presenciais. Tal e como recolle o artigo 28 do regulamento, o estudantado disporá de dous oportunidades de avaliación por materia.

5.6. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS

O recoñecemento de créditos permite valorar a formación que o estudantado acadou coa obtención doutros títulos, oficiais ou propios, ou a través da experiencia profesional. O número de créditos recoñecidos non poderá superar o 20 % do total dos créditos que constitúen o plan de estudos do título propio.

Neste apartado deben indicarse os criterios para o recoñecemento que deberán ser aprobados e resoltos pola Comisión Académica de Mestrado.

5.7. CONDICIÓNS DE TERMINACIÓN

Este apartado é especialmente relevante en títulos baseados en módulos ou en especialidades e debe especificar claramente os ECTS que debe cursar un estudante para obter o título de Máster ou calquera dos títulos de nivel inferior se o programa é modular. Por exemplo, é necesario indicar se o estudante debe cursar todos os ETCs nunha mesma especialidade ou pode cursar un conxunto de créditos a partir de materias de diferentes especialidades.

6. PERSOAL DOCENTE

De acordo con artigo 22 do regulamento, polo menos, o 25% dos ECTS do título deben ser impartidos por profesorado da Universidade de Vigo.

No apartado de perfile/méritos en relación co título, incluirase de forma moi breve a experiencia docente, investigadora, profesional ou outros méritos en relación coas materias do plan de estudos.

Para todo a profesorado externo á Universidade de Vigo debe engadirse a este documento un currículo breve.

7. PREVISIÓN ECONÓMICA

7.1. Previsión de Ingresos

7.2. Previsión de Gastos

7.3. Orzamento

A previsión económica do título debe cubrirse no ficheiro Excel: “Prevision_economica_mestrado_propio”.

Se non se cambian as denominacións dos ficheiros , a táboa do apartado 7.3 actualizarase automaticamente ao cubrir o ficheiro Excel “Previsión_economica_mestrado_propio” (pódese forzar a actualización facendo click con botón dereito na táboa e premendo a opción “*Actualizar_vínculo*”).

8. RESULTADOS PREVISTOS:

Nas primeira edición dun título debe facerse unha estimación dos resultados previstos en base aos seguintes indicadores:

- Taxa de rendemento: relación porcentual entre o número de créditos superados no título e o número total de créditos ordinarios matriculados.
- Taxa de éxito: relación porcentual entre o número de créditos superados polo total de estudantes matriculados no título e o número de créditos presentados a exame polo total de estudantes matriculados no título.
- Duración media dos estudos: número medio de meses que tarda o estudantado en obter o título.

Anexo 1. Ámbitos de coñecemento

Actividade física e ciencias do deporte.
Arquitectura, construción, edificación e urbanismo, e enxeñería civil.
Bioloxía e xenética.
Bioquímica e biotecnoloxía.
Ciencias agrarias e tecnoloxía dos alimentos.
Ciencias biomédicas.
Ciencias do comportamento e psicoloxía.
Ciencias económicas, administración e dirección de empresas, márketing, comercio, contabilidade e turismo.
Ciencias da educación.
Ciencias ambientais e ecoloxía.

Ciencias sociais, traballo social, relacións laborais e recursos humanos, socioloxía, ciencia política e relacións internacionais.
Ciencias da Terra.
Dereito e especialidades xurídicas.
Enfermería.
Estudos de xénero e estudos feministas.
Farmacia.
Filoloxía, estudos clásicos, tradución e lingüística.
Física e astronomía.
Fisioterapia, podoloxía, nutrición e dietética, terapia ocupacional, óptica e optometría e logopedia.
Historia da arte e da expresión artística, e belas artes.
Historia, arqueoloxía, xeografía, filosofía e humanidades.
Industrias culturais: deseño, animación, cinematografía e produción audiovisual.
Enxeñería eléctrica, enxeñería electrónica e enxeñería da telecomunicación.
Enxeñería industrial, enxeñería mecánica, enxeñería automática, enxeñería da organización industrial e enxeñería da navegación.
Enxeñería informática e de sistemas.
Enxeñería química, enxeñería dos materiais e enxeñería do medio natural.
Matemáticas e estatística.
Medicina e odontoloxía.
Xornalismo, comunicación, publicidade e relacións públicas.
Química.
Veterinaria.
Interdisciplinar.

B. Instrucións “Prevision_economica_mestrado_propio.xlsx”

Ingresos:

Recoméndase estimar os ingresos de matrícula en base ao número mínimo de estudantes e as tarifas que a coordinación considere máis adecuadas tendo en consideración o perfil de ingreso esperado.

Deben indicarse todos os ingresos do título incluíndo as subvencións e/ou patrocinios externos.

Gastos coordinación:

Os gastos de coordinación non poderán superar o 15% dos ingresos totais do título. Ademais, hai que ter en conta os pagos máximos por coordinación aprobados polo Consello de Goberno para os títulos propios.

Axudas:

Indicar o número e as contías das axudas.

Pagos docentes Uvigo e pagos docentes profesorado externo:

Para o pago polas actividades docentes do profesorado hai que ter en contas os pagos máximos establecidos polo Consello de Goberno.

Na documento Excel soamente figura un cadro de tarifas para todo o profesorado. O coordinador poderá definir diferentes tarifas (por exemplo diferenciando horas de teoría e horas de prácticas) e modificar as táboas se o considera necesario.

Recursos:

No concepto aparece un despregable no que é posible escoller os diferentes recursos necesarios para a docencia do título quen terán que ser realizados previamente ou durante as datas de celebración do curso . En calquera caso debe cumprirse a lei de contratos do sector público (Lei 9/2017 do 8 de novembro).

De incluír o concepto "Outros gastos" debe xustificarse no apartado 7 da proposta.

Desprazamentos:

Incluiranse aquí os gastos de desprazamento dos profesionais externos necesarios para a docencia do título.

Orzamento:

A táboa deberías de actualizarse automaticamente pero é necesario facer unha comprobación, especialmente se se fixeron cambios no resto das pestanas.

C. Instrucións "Planificación_docente_mestrado_propio.xlsx"

Este ficheiro contén unha soa táboa na que cada fila recolle os datos principais de cada materia do plan de estudos e a asignación de docencia:

- Módulo ou especialidade á que pertence.
- Cuadrimestre/semestre no que se imparte.
- Tipo: OB (obrigatoria), OPT (Optativa), PractExt (Prácticas Externas), TFT (Traballo Fin de Título), TFM (Traballo Fin de Mestrado).
- Nome da materia e os seus ECTS.
- Horas de dedicación do profesorado a: clases síncronas (presenciais ou virtuais), tarefas de avaliación (exames, ou traballos por exemplo) e titorías.
- Profesores que impartirán cada materia e horas de dedicación de cada un/unha deles/as. A porcentaxe de docencia de cada profesor/a calcularase automaticamente para obter a porcentaxe de participación do profesorado da Uvigo en relación ao profesorado externo.
- Horas de traballo autónomo do estudante.

D. Instrucións "Ficha_materia_mestrado_propio.docx"

Para cada unha das materias que compoñen o plan de estudos debe cubrirse unha breve guía docente.

As actividades formativas se dividirán en síncronas e asíncronas podendo tomarse como referencia a Guía de metodoloxías Docentes e Sistemas de Avaliación de la Universidade de Vigo.

Nas actividades síncronas a normativa establece que as horas de docencia do profesorado estarán comprendidas entre 8 e 12 por cada ECTS. No caso das asíncronas, as horas de titorización estarán comprendidas entre 4 e 8 por ECTS. A coordinación do título debe escoller, en función das características do título e da materia, as horas que desexa asignarlle.